



NOTIFICACIÓN

Con data 6 de xullo de 2017 o Alcalde-Presidente ditou resolución do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Adxudicación contrato de servizo "Campamento de Verán do Concello de Tui para o ano 2017".-

I.- Con data 21/06/2017 emítase resolución da Alcaldía, á vista da proposta da Mesa de Contratación de 12/06/2017, nos seguintes termos:

." Á vista da proposta da Mesa de Contratación de data 12 de xuño de 2017 na contratación do servizo "Campamento de verán do Concello de Tui para o ano 2017", esta alcaldía, avogando as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este caso en concreto, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade aos pronunciamentos da Mesa de Contratación de data 12 de xuño de 2017, que acordou por unanimidade o que a continuación se transcribe:

"1º.- Admitir a proposta económica presentada pola empresa "Axóuxere Deporte e Animación S.L.

2º.-Outorgar a seguinte puntuación á vista da proposta contida no sobre 2:

*-Oferta económica (baixa no prezo do contrato): **30 puntos.**

*-Aumento do nº de prazas en cada quincena: **20 puntos.**

*-Aumento no horario do campamento entre as 8:00 e as 15:00 horas de luns a venres: **0 puntos.** Visto que de conformidade co disposto na cláusula 10.4 do prego establece que os licitadores poderán ofertar o aumento de horario mediante fraccións mínimas de media hora. Non serán obxecto de valoración as inferiores a esta fracción.

3º.- A puntuación total acada pola referida empresa no referido contrato será:

- Puntuación sobre Nº3. Proxecto de prestación de servizo: **28 puntos.**

- Puntuación sobre Nº2. Oferta económica e criterios cuantificables de forma automática: **50 puntos.**

Puntuación total: 78 puntos.

4º.- Polo exposto anteriormente, a Mesa de Contratación acorda **propoñer á empresa "Axouxere Deporte e Animación, S.L.",** CIF B32386625, con enderezo en rúa Calvario nº 25-1º, 15200-Noia (A Coruña), que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo a declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro e prego de cláusulas administrativas aprobado".

SEGUNDO.- Aos efectos do artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e 14/2013 de 27 de setembro:

REQUIRIR á empresa "AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN S.L.", CIF B32386625, con enderezo en rúa Calvario nº 25-1º, 15200-Noia (A Coruña), como licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de servizo "CAMPAMENTOS DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017" que, de conformidade co artigo 151 do TRLCSP e Lei



14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, presente a seguinte documentación xustificativa de:

-Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación de elo, de dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 TRLCSP.

-Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, de conformidade co establecido nos artigos 151 do TRLCSP e 13, 14 e 15 do RXCAP, deberá aportar certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, así como respecto ás súas obrigas coa seguridade social, e no mesmo sentido, no seu caso, certificación expedida polo órgano competente da Comunidade autónoma, ou achegarse declaración de non estar a empresa suxeita a tributación en outra Administración distinta a aquela ou aquelas ás que se refira a certificación/s aportada/s.

A acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa entidade local será comprobada de oficio pola propia Administración Local.

-Ter constituído a garantía definitiva correspondente ao 5% do importe de adxudicación, excluído IVE.

-Testemuña xudicial, certificación administrativa, ou declaración responsable outorgada polo apoderado ante a Secretaría do Concello de Tui, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, facendo constar que non está comprendido en ningunha das circunstancias de incapacidade ou de prohibición para contratar que se establecen no artigo 60 e 146 do TRLCSP. (Artigo 73.1 TRLCSP e como complemento da documentación xustificativa da acreditación de non atoparse incurso en prohibición para contratar.)

Cando se trate de empresas de Estados membros da UE e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial (artigo 73.2 TRLCSP).

-Respecto da alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que se exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando á data de presentación de proposicións, a acreditación se efectuará mediante a presentación da alta, referida ó exercicio corrente, ou do último recibo do IAE, completado con unha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Todo elo de acordo e nos termos precisados polos artigos 60.d) do TRLCSP e 13 e 15 do RXLCAP (RD 1098/2001). En caso de exención acreditarase a mesma, debendo acompañar ademais a alta no IAE no epígrafe que corresponda ó obxecto do contrato e a declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do imposto.

-Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, Sobre A, "Documentación Administrativa", aspectos que se fan constar na cláusula 7ª do prego de condicións administrativas.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).

TERCEIRO.- *O prazo de presentación da documentación requirida ao licitador proposto será de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do presente requirimento.*

CUARTO.- *Dar conta da presente resolución aos interesados, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre."*

2.- *Remítese notificación de resolución anterior a tódolos licitadores presentados así como requirimento á empresa "Axouxe Deporte e Animación, S.L.", CIF B32386625, como licitador que presentou oferta económica máis vantaxosa.*



3.- Con data 27/06/2017, R.E. nº 6016, se presenta pola empresa *Axouxe Deporte e Animación, S.L.*, a documentación requirida así como aval aos efectos de garantía definitiva do contrato.

Vista proposta de Alcaldía de 4 de xullo 2017 e informes emitidos, avogando a competencia delegada para este asunto en concreto, por resolución de 22 de xuño de 2015 en materia de contratación na Xunta de Goberno Local, tendo en conta o prazo de inicio dos campamentos, esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro.- Adxudicar á empresa "Axouxe Deporte e Animación, S.L" CIF B32386625, con enderezo en Calvario, nº 25-1º, 15200 Noia, o contrato de servizo de " **Campamento de verán do Concello de Tui para o ano 2017** ", polo prezo ofertado total de 17.380,00€ (Base: 15.800,00. IVE: 1.580,00€) de conformidade coa proposta económica presentada e con suxeición ao prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, incluíndo as seguintes melloras ofertadas:

- Aumento de número de prazas en cada quincena: 5 prazas.
- Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres: 0,25 horas (15 min).
-

Segundo.- Aos efectos de formalización de contrato, de conformidade coa lexislación vixente, conforme co art. 156 do TRLCSP a súa sinatura será no prazo máximo de quince días hábiles seguintes a contar dende a data de notificación da adxudicación.

Terceiro.- De conformidade co estipulado no art. 154 do TRLCSP deberase notificar ós candidatos ou licitadores o referido acordo. Así mesmo, a formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 138.3 do TRLCSP publicaranse no Perfil do Contratante da páxina web do concello (www.concellotui.org) e no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- O adxudicatario, a partir da data de notificación de adxudicación do contrato e antes da súa formalización, e de conformidade co establecido na cláusula 13 do prego de condicións administrativo aprobado, deberá proceder ao ingreso correspondente ao importe do anuncio de licitación no boletín oficial que corresponda, polo importe de 136,40€, a ingresar na conta do concello número IBANES5120805446733040100491. Para a sinatura do contrato deberá presentar xustificante do pagamento do referido importe."

O que lle traslado a vostede aos efectos de notificación, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolle que contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos en aplicación dos artigos 123 e 124 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa:

Potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que dictou o acordo, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao desta notificación.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

Contencioso Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Se se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezará a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Calquera outro que estime conveniente baixo a súa responsabilidade.

Tui, A Secretaria, Pilar Fernández Alonso.
Documento asinado dixitalmente ao marxe.

